



Prezado/a director(a):

Contactamos con vostede para informalo/a de que **o próximo 11 de outubro**, Día Mundial da Visión, **comeza a terceira edición da campaña** de concienciación e revisión do estado da saúde visual dos/as nenos/as de Primaria «**Ver para Aprender**». Pode ver todos os detalles en www.verparaaprender.es e descargar todos os materiais que preparamos para vostede.

Como lembrará, esta actividade realízase grazas á colaboración de máis de 1.500 ópticos-optometristas voluntarios que poñen o seu gabinete e os seus coñecementos a disposición de centros educativos coma o seu ata o día 10 de xaneiro, para que poidamos asegurar que a visión dos seus alumnos e alumnas está preparada para superar con éxito este novo ano que afrontamos.

Este labor social recibiu o seu recoñecemento público e, por iso, **contamos co apoio do Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, no ámbito das súas competencias, e de gran parte das Consellerías españolas.** Esta campaña conta cos **personaxes de Disney nos elementos de comunicación.** Así mesmo, formará parte do plan de «Fomento da lectura», explicando a importancia da visión na aprendizaxe. «**Ver para aprender, ver para ler, ver para gozar**» será o lema que chegará á súa escola —grazas a Correos Express— e ás familias por medio da proxección dun spot nas canles Disney e en todos os cinemas de España —grazas a 014Media e a Yelmo, Cinesa, Kinépolis e Cine Sur—.

Agradecemoslle que forme parte desta actividade, xa que, como sabe, **1 de cada 3 casos de fracaso escolar se relaciona cun problema de visión sen diagnosticar, e aqueles nenos que en Primaria contan cunha peor visión, obteñen peores resultados académicos.** Ademais, seguindo co lema da campaña, sabemos que **7 de cada 10 nenos con mala visión detestan ler**, algo que se pode derivar deses problemas visuais que lles dificultan a lectura.

Enviamos á súa escola uns pósters para as aulas, así como uns dípticos informativos que agradeceríamos remitise ás familias dos nenos de Primaria para que coñezan a iniciativa e revisen o estado da visión dos seus fillos e fillas. **É imprescindible facer chegar esta mensaxe ás familias para que entendan que unha boa visión é fundamental no desenvolvemento educativo dos e das menores.**

Ademais, poñemos ao seu servizo todo o noso equipo humano por se precisar calquera actividade adicional, como unha charla informativa ás AMPA, uns obradoiros para nenos ou revisións na propia escola, de haber dispoñibilidade. Para todo isto, non dubide en contactar con jennifer.garcia@visionyvida.org.

Outro ano máis, xuntos, traballando para que non exista nin un só caso máis de fracaso escolar derivado dunha mala visión. Novamente, grazas!

Salvador Alsina Dalmau
Presidente de Visión y Vida

Juan Carlos Martínez Moral
Presidente do Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas



©Disney

*Lembramos que a asociación Visión y Vida é unha entidade de utilidade pública fundada en 1955 cuxa presidencia de honra ostenta a S.M. a Raíña D.ª Sofía. Entre os nosos obxectivos destacan o de acadar un 100 % de boa saúde visual en todas as etapas da vida. Esta campaña realízase grazas ao traballo de ópticos-optometristas voluntarios que poñen a disposición dos menores os seus gabinetes profesionais, sen ningunha obriga comercial por parte dos centros educativos ou as familias.

Colaboran:

